

**27**  
**plazas**

# Persoal de Servizos Xerais

**CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR  
EN GALESCOLAS**

## ⊙ **OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a selección e contratación por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de prazas para 27 prazas de Persoal de Servizos Xerais en Galescolas.

**Convocatoria publicada** DOG n.º 13, de 20/01/2009.

## ⊙ **REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS**

Para a súa admisión á realización das probas selectivas, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.  
Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.  
Así mesmo, poderán participar as persoas que, sen estaren incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, por seren titulares dun documento que as habilite para residir e para poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderá participar quen se atope en situación de residencia temporal, en situación de residencia permanente, ou en situación para residir e traballar, así como as persoas refuxiadas.
- b) Ter a capacidade para contratar a prestación do seu traballo de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.
- c) Estar en posesión do título ou estar en condicións de obter o título académico de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, todo iso, sempre antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

**INFORMACIÓN  
FACILITADA  
POR:**

**Editorial MAD**

Polg. Merka, c/B Nave 1 · 41500 Alcalá de Guadaíra, SEVILLA  
Tfno: 902 452 900 · Fax: 95/ 563 07 13  
<http://www.mad.es> · [InfoMad@mad.es](mailto:InfoMad@mad.es)



No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

- d) Non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non estar separada/o do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitada/o por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. As/os aspirantes que non tiveren a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidas/os a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- f) Acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. A acreditación do coñecemento escrito da lingua galega farase por medio da presentación do certificado de iniciación ou de perfeccionamento de lingua galega, segundo se dispón no anexo I, ou, no caso de non o posuír, mediante a superación dunha proba consistente na tradución ou redacción dun texto en galego sobre un tema que determine previamente a Comisión. A non acreditación do coñecemento da lingua galega nos termos previstos nestas bases suporá o remate do proceso selectivo para o/a aspirante.

Reservarase o 7% das prazas convocadas para as persoas que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta reserva farase efectiva se o resultado de aplicar o 7% é igual ou superior a 0,50.

No suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación for superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Os aspirantes co grao de minusvalidez referido con anterioridade deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente. Así mesmo deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios.

## ⊙ PRAZO

---

- **Presentación de instancias:** As solicitudes presentaranse no Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (rúa Amor Ruibal, 30 - 32, baixo, 15702 Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, prégase as/aos interesadas/os a remisión por fax dunha copia da instancia ao número 981 531 691 ou ben ao enderezo electrónico [fax.consortio@igualdadebenestar.org](mailto:fax.consortio@igualdadebenestar.org), nos seguintes sete días ao día da súa presentación.
- **Dérachos de exame 24,41 €.**  
Estarán exentos do pagamento destas taxas os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa instancia.
- **Aberto prazo de presentación de instancias ata 9/02/2009.**

## ⊙ PROBAS

---

Selección de persoal para a categoría de Persoal de Servizos Xerais

1.º EXERCICIO: Aquelas persoas que non puideren acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a certificación do nivel de iniciación deberán realizar unha proba escrita consistente na tradución dun texto en castelán ao galego, sobre un tema que previamente designe a Comisión. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo á Comisión determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

2.º EXERCICIO: de carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, con tres (3) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta. O tempo máximo de duración será de corenta e cinco minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos. Para iso, terase en conta que por cada dúas respostas incorrectas se descontará unha correcta. Corresponderalle a Comisión determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

3.º EXERCICIO: Desenvolvemento dun SUPOSTO PRÁCTICO (carácter eliminatorio) O exercicio consistirá na realización, nun tempo máximo de 60 minutos, dun suposto práctico elixido polo aspirante de entre dous propostos pola Comisión de valoración e relacionado co temario da parte específica anexo á presente Convocatoria e coas funcións propias do posto convocado.

A Comisión de valoración poderá acordar, se así o estima pertinente, a exposición oral do suposto práctico polo candidato, quedando facultado para facer calquera pregunta que considere pertinente, relativa ao obxecto do exercicio durante un tempo máximo de 20 minutos. As respostas ás preguntas formuladas pola Comisión faranse en galego.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á solución de problemas.

A Comisión de valoración disporá de copias fotoestáticas dos exercicios para cotexar a lectura efectuada polo/a aspirante.

Esta proba cualificarase cun máximo de 20 puntos e para aprobala necesitarase acadar un mínimo de 10 puntos.

A Comisión integrarase por un número impar de membros designados pola Presidencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Tódalas persoas compoñentes da Comisión de valoración terán voz e voto. As persoas membros das comisións de valoración publicaranse no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (rúa Amor Ruibal, 30 - 32, baixo, 15702 Santiago de Compostela) e na súa páxina web (<http://www.igualdadebenestar.org>), antes do inicio das probas.

## ⦿ PROGRAMA

---

### PARTE COMÚN

**TEMA 1.** A Constitución Española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois.

**TEMA 2.** Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración Pública galega. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. A lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres e a Lei 2/2007, do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

**TEMA 3.** O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Os seus Estatutos. O Regulamento de Réxime interior das Galescolas. A Lei galega de Servizos sociais.

### PARTE ESPECÍFICA

**TEMA 1.** Aparellos e instrumentos de limpeza.

**TEMA 2.** Produtos e técnicas de limpeza.

**TEMA 3.** A área de cociña e a súa limpeza.

**TEMA 4.** Normativas sanitarias de aplicación nas cociñas colectivas.

**TEMA 5.** O servizo de comedor.

**TEMA 6.** O coidado da roupa: o lavado da roupa. A pasada do ferro da roupa.

**TEMA 7.** A alimentación, a nutrición e a dietética: a alimentación equilibrada. Planificación de menús.

**TEMA 8.** Saúde infantil: hixiene, accidentes na infancia. Prevención.

# TEMARIOS PARA A PREPARACIÓN DAS PROBAS

Editorial MAD pon á túa disposición a oferta máis completa de temarios:

- ◆ **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Persoal Gerocultor y Persoal de Servizos Xerais (Galescolas y Centros de Atención a Persoas Maiores) Temario y Test parte Común.** PVP: 19,00 €.
- ◆ **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Persoal de Servizos Xerais de Galescolas. Temario parte específica.** PVP: 34,50 €.
- ◆ **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Persoal de Servizos Xerais de Galescolas. Test parte específica y Supostos Prácticos.** PVP: 13,00 €.

**¡No juegues con tu preparación!**

- ✓ Comprueba con quién te preparas
- ✓ En las primeras páginas del libro debe aparecer quién lo escribe
- ✓ La competencia profesional de quien escribe es una garantía para ti

**Exige la calidad de Editorial MAD**



## Temarios recomendados...

- ◆ **La Nueva Regulación del Empleo Público.** PVP: 19,00 €.
- ◆ **Técnicas de Memoria para Oposiciones.** PVP: 8,00 €.
- ◆ **Constitución Española. Cuestionario y Casos Prácticos para Oposiciones.** PVP: 24,00 €.
- ◆ **Ganar Oposiciones. El éxito de la experiencia.** PVP: 10,50 €.

CONSULTA NUESTROS CURSOS EN:  
**[www.eduformaonline.com](http://www.eduformaonline.com)**

ONLINE  
*e-duforma* @

EL AULA VIRTUAL de EDITORIAL MAD

Solicita gratis información de los cursos que te interesan en:  
**<http://www.eduformaonline.com>**

Suscríbete gratis a nuestros servicios de información de oposiciones y publicaciones en:

 **<http://www.mad.es/suscripciones>**

**[www.mad.es](http://www.mad.es)**

  
La editorial del opositor

**Editorial MAD, S.L.**

Plg. Merka, naves 1-9. 41500  
Alcalá de Guadaíra (Sevilla)  
Tel. 902 452 900 Fax. 955630713